

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 5485** *Real decreto 145/2021, do 9 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino, e o Real decreto 815/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de vacún e ovino e ao rexistro e comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos.*

O Real decreto 815/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de vacún e ovino e ao rexistro e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, ten como obxecto establecer disposicións específicas en materia de clasificación de canais de vacún e ovino no Reino de España.

O dito real decreto xa recolle aquelas especificidades que se deixaban en man dos Estados membros no Regulamento n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007; no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos modelos da Unión de clasificación dos canais de vacún, porcino e ovino e á comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, e no Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos modelos da Unión de clasificación dos canais de vacún, porcino e ovino e á comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos.

Con todo, tras dous anos da aplicación deste real decreto, cómpre realizar certos axustes técnicos que permitan unha mellor comprensión del e unha interpretación e aplicación que sexa homoxénea en todo o territorio nacional.

Doutra banda, como consecuencia das recomendacións do Comité de Inspección da Unión sobre a clasificación dos canais de vacún, relativas á inspección levada a cabo en España do 25 ao 28 de febreiro de 2019, tamén se detectaron aspectos que se deben corrixir.

Este real decreto pretende dar maior claridade e, polo tanto, seguridade xurídica, respecto a aspectos técnicos sobre a presentación de referencia, ás mencións obrigatorias recollidas na marcación e etiquetaxe e aos factores de corrección que se deben aplicar no peso cando a presentación utilizada non é a presentación de referencia.

O tipo de presentación utilizado no canal é un factor determinante para o peso rexistrado e afecta o prezo final. A inclusión da mención do tipo de presentación, así como do peso, na etiqueta do canal dotará dunha maior transparencia as transaccións comerciais nas fases posteriores da cadea de valor.

Igualmente, dadas as diferenzas existentes nas operacións de pesada dos matadoiros en España, procede dotar dunha maior flexibilidade na mención do peso indicado na etiqueta, permitindo que se indique ben o peso do canal completo, ben o peso do medio canal, garantindo, en todo caso, que esta flexibilidade non xera confusión e queda convenientemente indicado a que peso corresponde a mención da

etiqueta. Con todo, esta flexibilidade non irá en prexuízo da información subministrada ao provedor dos animais, que se debe seguir referindo ao peso do canal completo.

Tamén se clarifican os criterios mínimos de aceptabilidade que se utilizarán nos cursos de clasificación e nas inspeccións sobre o terreo.

Así mesmo, cómpre recoller a adecuada base legal para as comunicacións que os operadores económicos deben realizar periodicamente ás autoridades competentes, co obxectivo de dar un adecuado cumprimento ás obrigacións de notificación dos Estados membros á Comisión que se recollen no artigo 25 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

E, en canto á formación teórico-práctica dos clasificadores, a crise xerada pola pandemia da COVID-19 e os gromos acaecidos nas industrias cárnicas en todo o mundo puxeron de manifesto a necesidade de contar con sistemas de formación máis flexibles, que permitan a utilización das novas tecnoloxías da comunicación, para reducir desta forma os riscos sanitarios e adaptar o sistema de clasificación de canais aos avances da sociedade.

Doutra banda, advertíronse erros no Real decreto 815/2018, do 6 de xullo, polo que se efectúan as oportunas rectificacións.

Finalmente, o Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino, no seu artigo 11 establece a Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos. Resulta conveniente incluír entre as súas funcións tarefas relativas aos prezos, co obxectivo de acadar unha maior coordinación na materia en todo o territorio nacional.

Dado o marcado carácter técnico desta norma, de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional sobre a lexislación básica, considérase apropiada a súa adopción mediante real decreto.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de audiencia e información pública e adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa europea se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 815/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de vacún e ovino e ao rexistro e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos.*

O Real decreto 815/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de vacún e ovino e ao rexistro e a

comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1.3 queda redactado como segue:

«3. Con carácter voluntario poderase realizar a clasificación de canais de bovinos de menos de oito meses de idade. Nese caso, os matadoiros deberanse adecuar ao establecido no capítulo II deste real decreto e deberanse designar como animais de categoría V.»

Dous. A letra c) do artigo 2 queda redactada como segue:

«c) Presentación de referencia en vacún: aquela que cumpra cos requisitos recollidos no anexo IV, parte A.IV, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017.»

Tres. O artigo 7.5 queda redactado como segue:

«5. As etiquetas recollerán as mencións obrigatorias do anexo III. Só se permitirá a inclusión doutras mencións sempre que non supoñan confusión para os operadores ou alteración das condicións de transparencia do comercio intracomunitario. No caso de que se marquen os canais mediante os dous sistemas, selo e etiqueta, a etiqueta recollerá sempre todas as mencións obrigatorias.»

Catro. O artigo 10.1 queda redactado como segue:

«1. Os matadoiros que decidan aplicar a clasificación dos canais de ovino deberán realizala conforme o establecido no anexo IV, punto C, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, e no Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos modelos da Unión de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino, e á comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos; en diante, o Regulamento de execución.»

Cinco. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Autorización de clasificadores de canais de vacún e ovino.*

1. Os clasificadores deberán superar un curso de carácter selectivo de, polo menos, dez horas de duración, para obteren a autorización necesaria para o exercicio da súa actividade, cuxo contido se axustará ao descrito no anexo IV e que constará dunha fase teórica e outra práctica.

A parte teórica poderase realizar de maneira presencial ou telemática.

Así mesmo, para outorgar a autorización deberase superar un exercicio práctico sobre un mínimo de 40 canais seleccionados aleatoriamente en que se aplicarán os criterios mínimos de aceptabilidade do anexo V.

2. A autoridade competente emitirá, de ser o caso, a autorización que terá unha validez de cinco (5) anos. O procedemento de autorización deberá respectar o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para renovar a súa autorización ou, no caso da súa retirada, nos casos descritos no artigo 20 deste real decreto, os clasificadores terán que participar nun curso de acordo co establecido no número 1.

A prestación de servizos por parte dos clasificadores autorizados rexeráse polo artigo 4 e seguintes da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

3. Os vedores e certificadores das marcas de calidade e das indicacións xeográficas protexidas recoñecidas no sector da carne de vacún e ovino deberán tamén obter esta autorización.»

Seis. O artigo 19 queda modificado como segue:

1. O contido da letra e) do número 4 queda redactado como segue:

«e) a pesada do canal e que a presentación aplicada se axusta ao artigo 4.»

2. O número 7 queda redactado como segue:

«7. O persoal ao servizo das administracións públicas que interveña no control dos clasificadores estará especificamente habilitado pola autoridade competente tras asistir a un curso formativo cuxo contido se axuste ao anexo IV deste real decreto.»

Sete. O artigo 25 queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Comunicacións.*

1. Os matadoiros a que se refire o artigo 1, números 2 e 4, notificarán á autoridade competente, antes do 31 de xaneiro de cada ano, a información sobre os animais sacrificados o ano anterior, desagregada tal e como indica o Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, nos seus artigos 25.2.a) e 25.2.c). Pola súa vez, a autoridade competente remitirá esta información ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 31 de marzo, no formato que este estableza.

2. Anualmente, e logo de petición do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as autoridades competentes transmitirán ao dito ministerio os datos necesarios para o cumprimento das obrigacións de información á Comisión Europea, e remitirán a este un informe que recollerá, como mínimo, os aspectos detallados no anexo VII, no anexo VIII e, de ser o caso, o anexo IX, no formato que este estableza.

Ademais, enviarase ao citado Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación:

a) A actualización do Rexistro Nacional de Clasificadores con indicación individualizada do estado de cada clasificador.

b) O lugar e a data de realización dos cursos destinados a clasificadores conforme o artigo 11.»

Oito. O anexo I queda redactado como segue:

«ANEXO I

Presentacións autorizadas en canais de bovino de oito meses ou máis

1. Canal de referencia ou tipo I.

Aquela que cumpra cos requisitos recollidos no anexo IV, parte A.IV, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

2. Canal tipo II.

a) Subtipo II A:

Tomando como base o canal tipo I, este subtipo inclúe o rabo, o diafragma e os piares do diafragma e realízase o puído conforme o artigo 6.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017. O puído só está permitido en canais cun grao de engraxamento de 3 ou superior.

Inclúense os coeficientes de corrección, como porcentaxe do peso do canal que se debe engadir ou restar, conforme o anexo do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

Categorías:	Grao de engraxamento			
	Z, A, B, C, D e E:	Grao 2	Grao 3	Grao 4
Rabo.	-0.4	-0.4	-0.4	-0.4
Diafragma.	-0.4	-0.4	-0.4	-0.4
Piares do diafragma.	-0.4	-0.4	-0.4	-0.4
Puído (recorte graxa superficial).	0	2	3	4
Coefficiente de corrección aplicable.	-1.2	+0.8	+1.8	+2.8

b) Subtipo II B:

Tomando como base o canal tipo I, este subtipo inclúe o rabo, o diafragma e realízase o puído conforme o artigo 6.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017. O puído só está permitido en canais cun grao de engraxamento de 3 ou superior.

Inclúense os coeficientes de corrección, como porcentaxe do peso do canal que se debe engadir ou restar, conforme o anexo do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

Categorías:	Grao de engraxamento			
	Z, A, B, C, D e E:	Grao 2	Grao 3	Grao 4
Rabo.	-0.4	-0.4	-0.4	-0.4
Diafragma.	-0.4	-0.4	-0.4	-0.4
Puído (recorte graxa superficial).	0	2	3	4
Coefficiente de corrección aplicable.	-0.8	+1.2	+2.2	+3.2

3. Canal tipo III.

Este tipo comprende todos os canais en que non se efectuou o puído e que, ademais, con respecto ao canal tipo I, inclúen o ril, a graxa de rilada, o rabo, o diafragma, os piares do diafragma e os testículos en machos de categorías Z, A e B.

Divídense en dous subtipos para canais procedentes de machos de categoría Z, A e B (onde se inclúen os testículos) e de femias de categorías Z, D e E e machos categoría C.

Inclúense os coeficientes de corrección, como porcentaxe do peso do canal que se debe engadir ou restar, conforme o anexo do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

a) Subtipo III A: machos categoría Z, A e B.

Categorías:	Grao de engraxamento		
	Z, A, B	Grao 2	Grao 3
Rabo.	-0.4	-0.4	-0.4
Ril.	-0.4	-0.4	-0.4
Graxa de rilada.	-1.75	-2.5	-3.5
Diafragma.	-0.4	-0.4	-0.4
Piases do diafragma.	-0.4	-0.4	-0.4
Testículos.	-0.3	-0.3	-0.3
Coefficiente de corrección aplicable.	-3.65	-4.40	-5.40

b) Subtipo III B: femias categoría Z, D, E e machos categoría C.

Categorías:	Grao de engraxamento		
	Z, D, E e C	Grao 2	Grao 3
Rabo.	-0.4	-0.4	-0.4
Ril.	-0.4	-0.4	-0.4
Graxa de rilada.	-1.75	-2.5	-3.5
Diafragma.	-0.4	-0.4	-0.4
Piases do diafragma.	-0.4	-0.4	-0.4
Coefficiente de corrección aplicable.	-3.35	-4.10	-5.10

Presentacións autorizadas en canais de bovinos de menos de oito meses

1. Canal tipo I.

Os canais presentaranse sen riles, graxa de rilada, graxa pélvica, diafragma, piases do diafragma, rabo, medula espinal, graxa dos testículos, graxa da cara interna da perna, vea xugular e graxa adxacente.»

2. Canal tipo II.

a) Subtipo II A:

Tomando como base o canal tipo I, este subtipo inclúe o rabo, o diafragma e os piases do diafragma e realízase o puído conforme o artigo 6.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017. O puído só está permitido en canais cun grao de engraxamento de 3 ou superior.

b) Subtipo II B:

Tomando como base o canal tipo I, este subtipo inclúe o rabo, o diafragma e realízase o puído conforme o artigo 6.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182

da Comisión, do 20 de abril de 2017. O puído só está permitido en canais cun grao de engraxamento de 3 ou superior.

3. Canal tipo III.

Este tipo comprende todos os canais en que non se o efectúa puído e que, ademais, con respecto ao canal tipo I, inclúen o ril, a graxa de rilada, o rabo, o diafragma, os piares do diafragma e os testículos en machos de categorías Z, A e B.

Novo. O anexo III queda redactado como segue:

«ANEXO III

Mencións obrigatorias das etiquetas

- a) Categoría, conformación e estado de engraxamento.
- b) Tipo de presentación utilizada.
- c) Número de rexistro sanitario do matadoiro.
- d) Número de sacrificio do animal ou de identificación do canal.
- e) Data de sacrificio.
- f) Peso do canal completo, especificando se se trata de peso en frío ou en quente. O peso poderase referir ao canal completo ou ao peso real de cada un dos medios canais. Nese caso, a etiqueta recollerá a mención «medio canal», «MC» ou «½ canal».
- g) Clasificación automatizada (opcional).»

Dez. O anexo IV queda redactado como segue:

«ANEXO IV

Contido mínimo do curso formativo para a autorización de clasificadores

Aspectos legais e fundamentos do sistema de clasificación e rexistro de prezos dos canais.

Modelos da Unión Europea de clasificación dos canais.

Correctas prácticas de preparación e tipos de presentación autorizadas.

Pesada, identificación e marcación dos canais.

Bases prácticas da clasificación de canais e visionamento de fotografías e, de ser o caso, vídeos.»

Once. O anexo V queda redactado como segue:

«ANEXO V

Criterios mínimos de aceptabilidade

- 1) Non serán aceptables erros na categoría do canal.
- 2) Erros na clase de conformación:
 - a) Non serán aceptables os erros en seis (6) ou máis subclases de conformación nun mesmo canal.
 - b) Non será aceptable un número de erros en subclases de conformación que sexa igual ou maior ao 60% do número dos canais avaliados (isto equivale a 24 subclases nun exercicio realizado sobre 40 canais).
- 3) Erros no estado de engraxamento:
 - a) Non serán aceptables os erros en dúas (2) ou máis clases de engraxamento nun mesmo canal.

b) Non será aceptable un número de erros nunha (1) clase de engraxamento que afecte máis do 20% do total dos canais avaliados.

c) No caso de utilización de subclases, o erro en tres (3) subclases equivalerá a un (1) erro de clase completa.

d) No caso de utilización de subclases, o erro nunha (1) ou en dúas (2) subclases non se terá en conta.»

Doce. O número 10 do anexo VII queda redactado como segue:

«10. Número de canais controlados en canto á presentación, indicando o número de canais incorrectamente presentados.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino.*

O artigo 11 do Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino, queda modificado como segue:

Un. O contido da letra c) do número 2 queda redactado como segue:

«c) Vogais: un representante de cada comunidade autónoma e das cidades de Ceuta e Melilla, que acorde integrarse neste órgano, así como un representante da subsecretaría do departamento.»

Dous. No número 6 incorpórase unha nova letra e) coa seguinte redacción:

«e) Asesorar e facilitar a coordinación das autoridades competentes na aplicación das disposicións sobre comunicación de prezos gandeiros, conforme o establecido na normativa vixente.»

Disposición transitoria única. *Curso non presencial.*

1. Malia o previsto no artigo 11 do Real decreto 815/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de vacún e ovino e ao rexistro e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, durante o ano 2021, o curso poderase realizar de maneira telemática, na cal, para a superación do curso teórico, se deberá superar unha proba escrita que permita avaliar que se adquiriron os coñecementos adecuados sobre o sistema de clasificación de canais, para o cal se poderán incorporar fotografías ou vídeos de canais. A superación desta proba permitirá outorgar unha autorización temporal dun ano de vixencia. Durante o dito ano, a autoridade competente realizará unha visita de control en que avaliará que a clasificación realizada polo clasificador se axusta aos criterios mínimos de aceptabilidade do anexo V do dito real decreto.

a) En caso favorable, outorgarase a autorización definitiva.

b) Se, unha vez pasado o período de vixencia da autorización temporal, o clasificador non supera os criterios do anexo V, a dita autorización quedará suspendida e deberase realizar un novo curso selectivo baixo a modalidade presencial.

2. Mediante orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderase prorrogar a vixencia da autorización provisional en función da evolución epidemiolóxica da COVID-19.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto o referido ás mencións obrigatorias que deberán recoller as etiquetas establecidas no punto nove do artigo primeiro, que se aplicará a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Dado en Madrid o 9 de marzo de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUÍS PLANAS PUCHADES